



EXPEDIENTE: 211/2021/550

ACTA DA REUNIÓN MESA DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADE FÍSICA DURANTE A TEMPADA 2021/2022 SEGUNDO O PUNTO 9.3 DAS BASES DA CONVOCATORIA.

No Palacio dos Deportes de Riazor na sala de reunións as 10.00 horas do día 10 de setembro do 2021, ao fin da avaliación das solicitudes presentadas con motivo da Convocatoria de usos das instalacións deportivas municipais para a tempada 2021/2022 reúnense as persoas que forman parte da Mesa de Avaliación, nomeadas pola concelleira de Deportes.

Presidente: Fernando Pérez San Vicente, xefe de servizo do Servizo Municipal de Deportes

Vogais: Antonio Pedraz Pollo e Luis Arias Barbeito, técnicos deportivos do Servizo Municipal de Deportes-Directores das instalacións deportivas

Secretaria: Paula Solórzano Prieto, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes.

Unha vez constituída a mesa procédese á avaliación das alegacións presentadas polas entidades e á posterior corrección dos erros detectados nos casos que non supoñan alteración e sen atender a outros datos máis que os consignados no formulario de solicitude.

As solicitudes presentadas fóra de prazo neste período non se terán en conta para resolver esta convocatoria segundo o punto 9.1. Non obstante, poderán ser tidas en conta no caso de que queden horas dispoñibles ao longo do ano.

Examinados os datos das solicitudes presentadas atendendo aos criterios establecidos nos puntos 7 e 8 das bases da convocatoria e do resumo dos datos obtidos e previas as deliberacións oportunas por parte dos vogais, obsérvanse disparidades e posibles erros no número de licenzas, categorías dos equipos, número de socios no seu caso e a indicación de o emprego doutras instalacións deportivas para realizar os seus adestramentos, polo que acordase requirir a todas as entidades solicitantes a documentación que se cita a continuación:

1.- Certificado da federación correspondente especificando:

- Número total de licenzas federativas que compitan, por categorías (competición oficial e regular)
- Número total de licenzas femininas federativas
- Número total de licenzas federativas de menores de idade que compitan

Nota: as licenzas federativas que se terán en conta son as que teñan en vigor na tempada 2020-2021.



2.- Certificación por parte do/a secretario/a da entidade do número de socios, no seu caso.

3.- Certificación por parte do/a secretario/a da entidade dos datos do punto 8.1.8 da convocatoria en función de se a entidade dispón dunha instalación deportiva para realizar adestramentos, especificando:

- Non dispoñer de ningún tipo de instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta
- Dispoñer na actualidade de unha instalación deportiva en réxime de aluguer
- Dispoñer na actualidade de unha instalación deportiva propia ou cedida de forma gratuíta

Para a presentación da dita documentación establécese un prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte á publicación desta Acta na páxina web municipal de Deportes.

A documentación presentarase a través da sede electrónica do Concello da Coruña ou no Rexistro Xeral de Entrada do Concello con destino ao servizo municipal de Deportes. Igualmente poderán presentar a documentación nos Rexistros do servizo municipal de Deportes (oficinas Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo municipal Barrio das Flores ou Palacio dos Deportes de Riazor) previa solicitude de cita a través do seguinte enlace: <https://citaprevia.coruna.gal/>

Sendo as once horas e trinta minutos, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia.

Vº e prace

O Presidente da Mesa

Fdo. Fernando Pérez San Vicente

A Secretaria da Mesa

Fdo. Paula Solórzano Prieto

Vogais

Antonio Pedraz Pollo

Luis Arias Barbeito